

Luns, 3 de decembro de 2018



ISIDORO HORNILLOS BAZ

FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

Documento base para o debate de todos os estamentos do atletismo de Galicia

BORRADOR

INDICE XERAL

1. PERFIL DO AUTOR DO PLAN ESTRATÉXICO DA FGA 2018-2022.....	5
2. RAZÓNS POLAS QUE PRESENTOU Á SÚA CANDIDATURA.....	7
3. OBJECTIVOS XERAIS TRAZADOS DESDE A PRESIDENCIA DA FGA.....	7
4. O MARCO LEGAL E COMPETENCIAS DA FGA.....	8
5. A MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA F.G.A.....	13
6. XUSTIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DA FGA 2018-2022.....	14
7. ASPECTOS QUE CONDICIONARON A CONFECCIÓN DO PEFEGA.....	16
8. OS EIXES ESTRATÉXICOS E TRANSVERSAIS.....	17
9. O CALENDARIO DO PLAN ESTRATÉXICO.....	18
10. PROCESO SEGUIDO EN CADA EIXE ESTRATÉXICO E TRANSVERSAL.....	19
11. ANÁLISE DAFO.....	19
12. OBXECTIVOS XERAIS.....	21
13. PRINCIPIOS DE GOBERNANZA.....	21
14. NOTA PREVIA.....	22
15. RESUMO DAS ACCIÓNS.....	23
16. ACCIÓNS DOS EIXES ESTRATÉXICOS E TRANVERSAIS.....	28
• Desenvolver aspectos legislativos e normativos.....	29
• Optimizar a organización interna da FGA.....	47
• Reforzar o tecido atlético de Galicia.....	61
• Concienciar das necesidades de infraestruturas atléticas.....	68
• Aumentar o nivel do atletismo de rendemento.....	74
• Promover a práctica do atletismo de base.....	78
• Mellorar a oferta de competicións.....	83
• Mellorar o atletismo participativo.....	89
• Ampliar e mellorar a formación continua.....	92
• Mellorar a comunicación e imaxe da FGA.....	103
• Optimizar o control económico e acadar novos patrocinadores..	124
• Ampliar e mellorar as relacións institucionais.....	134
• Propiciar un atletismo integrador, inclusivo e solidarios.....	146
• Investigar e difundir a historia do atletismo galego.....	151
• Optimizar a práctica segura e saudable.....	155

BORRADOR

1. PERFIL DO AUTOR DO PLAN ESTRATÉXICO DA FGA 2018-2022

- **Formación académica.** Doutor en Educación Física (Universidade da Coruña, 2000); Licenciado en Educación Física (Universidade Politécnica de Madrid; INEF Madrid, 1986); Máster no Alto Rendemento Deportivo (Universidade Autónoma de Madrid e Comité Olímpico Español, 1996); Especialista en Fisioloxía do Esforzo (Universidade de Santiago de Compostela, 1989). Adestrador Nacional de Atletismo (Escola Nacional de Adestradores da Real Federación Española de Atletismo, 1989); Curso de Medicina e Ciencias do Deporte (Comité Olímpico Español e Federación Española de Medicina Deportiva, 1993; Asistente a máis de 100 Congresos; Xornadas, Seminarios e Cursos sobre Educación Física e Deportes.
- **Situación profesional.** Profesor da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (Universidade da Coruña), desde 1990. Na actualidade imparte as materias de Avances en adestramento de forza e resistencia; Habilidades Atléticas e a súa Didáctica. Prácticum; Tráballo Fin de Grado. Outras asignaturas impartidas: Aplicación Deportiva Específico I e II. Maestría de velocidade. Maestría de saltos. Terceiro Ciclo. Programas de Doutoramento. Cursos de Posgrado e de Máster. Tamén Teoría e práctica do acondicionamento físico (Facultade de Ciencias da Educación). Así mesmo, é profesor da materia Actividade Física Saudable (Universidade Senior da Coruña).
- **Publicacións.** Autor de 23 libros e capítulos e de máis de 100 relatorios e comunicacións en Congresos Nacionais e Internacionais de Educación Física e Deportes sobre temas vinculados, prioritariamente, ao adestramento da condición física, en especial sobre a forza muscular e a velocidade; talentos deportivos; planificación deportiva e Deporte Escolar. Tamén publicou máis de 100 artigos de opinión no diario galego La Voz de Galicia sobre diversos aspectos do atletismo.
- **Experiencia como atleta.** Foi internacional coa selección española absoluta de atletismo en 26 ocasións; Plusmarquista de España Absoluto de Aire Libre en 400 metros; 4x400; (Aire Libre) e de 200 e 300 (Pista Cuberta). Deportista olímpico nos Xogos de Moscú 1980 (400 e 4x400), Tres veces campión de España Absoluto; Campión de España Junior; Dúas veces campión de España Escolar; Catro veces, campión de España Universitario; Tres veces,



campión de España dos Xogos Sindicais; Campión de España Militar. 14 pratas e 2 bronzes en diferentes Campionatos de España federados. Bronce nos Xogos Iberoamericanos (400) e Xogos do Mediterráneo en 4x400 m. Na actualidade é plusmarquista galego absoluto e Sub23 dos 400 metros de Aire Libre (46"24) e de 300 metros absoluto e Sub23 de Pista Cuberta e Aire Libre (34"2 e 34"04).

- **Experiencia na xestión deportiva.** Desde 2007 ata novembro de 2018 foi



presidente da Federación Galega de Atletismo, responsabilidade que compaxina coa presidencia da Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA), cuxo mandato conclúe no 2019. Tamén é membro da Xunta Directiva da Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE). formou parte durante 10 anos da Xunta Directiva e Comisión Delegada da Real Federación Española de Atletismo, así como da Comisión de Presidentes. Foi co fundador e primeiro presidente do Club Atletismo Sada. Durante os últimos 12 anos foi un dos dous representantes das federacións deportivas galegas na Comisión de Avaliación dos deportistas Galegos de Alto Nivel (DGAN) da

Xunta de Galicia.

- **Experiencia como técnico.** Foi Director Técnico da Federación Galega de Atletismo (1988-2006), así como adestrador de velocistas internacionais e saltadores desde (1988 ata 1994). Tamén foi preparador físico do primeiro equipo de Hockey a Patines Liceo da Coruña, nos que conseguiron todos os títulos: Liga española; Campión de Europa e Campión da Copa Intercontinental.
- **Premios e distincións.** Premio Extraordinario de Doutoramento (Universidade da Coruña) correspondente ao curso 1999/2000, pola Tese Doutoral denominada "Forza máxima isométrica e explosiva na carreira rápida. Estudo con atletas galegos infantís e cadetes"; Mellor deportista absoluto da provincia da Coruña no ano 1980 polo Consello Superior de Deportes; Medalla de ouro do Real Club Deportivo da Coruña (1981); Medalla de ouro do club Lucus de Lugo (2005); Medalla ao Mérito Deportivo da Xunta de Galicia (2012); Mellor Xestor Deportivo de Galicia (2012), designado pola Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE).

2. RAZÓNS POLAS QUE PRESENTOU A SÚA CANDIDATURA

- Porque desexo desenvolver como presidente da Federación Galega de Atletismo aspectos dun proxecto iniciado fai anos, aínda pendentes.
- Porque a experiencia acumulada como presidente da Federación Galega de Atletismo nas últimas lexislaturas, así como nos máis de 40 anos vinculado ao atletismo, como practicante, adestrador, xestor e docente, son positivas para desempeñar este cargo.
- Porque coñezo con profundidade o atletismo galego, os seus problemas e necesidades; posúo capacidade para dialogar e escoitar, pero tamén para defender posturas que foron referendadas democraticamente polos órganos correspondentes.
- Porque sigo conservando os máximos niveis de motivación, ilusión e dispoñibilidade para desempeñar o cargo e as esixencias inherentes ao mesmo.
- Porque quero seguir traballando para situar ao atletismo galego nun lugar de privilexio, prestixiando a imaxe da Federación Galega de Atletismo ente as institucións e resto da sociedade.
- Porque manteño boas relacións cos diferentes estamentos do atletismo galego e institucións públicas e privadas.
- Porque quero afrontar desde a máxima responsabilidade os actos da celebración do centenario da creación da Federación Galega de Atletismo (1921-2021).

3. OBXECTIVOS XERAIS TRAZADOS DESDE A PRESIDENCIA DA FGA

A práctica do atletismo non admite o conformismo. Para seguir avanzando, debe evitarse a compracencia, o que non é incompatible con recoñecer que o enorme esforzo que realizan os atletas, clubs, adestradores, xuíces, directivos e organizadores galegos propiciaron avances relevantes. Por iso debemos darlle visibilidade a estas importantes conquistas.

É a miña obrigaón como candidato á presidencia da FGA confeccionar este documento base do Plan Estratéxico da Federación Galega de Atletismo, nos sucesivos PEFEGA 2018-2022, baixo o principio de que sexa realista e realizable, partindo da análise da contorna socio-deportivo no que está inmerso o atletismo galego e dos principais problemas que afectan de xeito especial aos estamentos. Son consciente de que a solución a algúns deles non depende directamente da vontade dos Órganos de Goberno da FGA, senón de diversas entidades, en especial as institucións públicas.

Entre os obxectivos trazados desde a presidencia da FGA destacan:

- Manter os avances alcanzados e dar respostas aos novos problemas que xurdan e afecten aos estamentos atléticos galegos.
- Seguir desenvolvendo o dialogo, a accesibilidade e a presenza nos actos nos que se invite ao presidente da FGA.
- Defender os acordos adoptados nos órganos de goberno, pese a quen puidesen manter outras posturas.
- Colaborar estreitamente cos organismos con competencias en materia deportiva e resto de institucións públicas e privadas.
- Preparar o Centenario da fundación da FGA: 1921-2021.

4. O MARCO LEGAL E COMPETENCIAS DA FGA

A confección do presente documento base do PEFEGA 2018-2022 que realiza o candidato á presidencia da F.G.A. Isidoro Hornillos, se contextualiza dentro das funcións que deben desenvolver as Federacións Deportivas Galegas como parte importante do tecido deportivo autonómico.

“A Federación Galega de Atletismo, constituída o día 27 de Marzo de 1921, é unha entidade asociativa privada que carece de ánimo de lucro, e que ten por obxecto, mediante a integración de Atletas, Aestradores-Técnicos, Xuíces, Clubs e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos, que se dediquen á práctica do atletismo, o fomento, o desenvolvemento e organización con carácter exclusivo na Comunidade Autónoma de Galicia, onde ostenta, tamén con carácter exclusivo, a representación da RFEA e que, ademais das súas atribucións exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo”. (Artigo 2º dos Estatutos da FGA).

“A FGA é unha entidade de utilidade pública. Esta declaración comportará os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Ademais, posúe personalidade xurídica e capacidade de obrar de seu para o cumprimento dos seus fins, que se rexe pola Lei 10/1990 de 15 de outubro, e disposicións ditadas no seu desenvolvemento. Tamén pola Lei 3/2012 do Deporte de Galicia e polos estatutos e acordos adoptados validamente polos seus órganos de goberno, sendo de aplicación en todo aquilo que non regulen as disposicións legais que correspondan con total garantía dos principios democráticos e representativos”. (Artigo 2º dos Estatutos da FGA).

O artigo 51 da actual Lei 3/2012 Xeral do Deporte de Galicia do 13 de abril do 2012 (DOGA) establece que *“As federacións deportivas galegas son entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia”*.

Os principais trazos que condicionan o marco legal da Federación Galega de Atletismo indícanse no seguinte cadro:



A Federación Galega de Atletismo exerce as seguintes funcións propias (artigo 56.2 da Lei 3/2012 Xeral do Deporte de Galicia) e incluídas nos actuais estatutos da FGA:

- A FGA ten como función propia fundamental a de promover, facilitar, planificar, administrar e dirixir, con carácter exclusivo, a práctica do atletismo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A FGA desempeña, respecto dos seus asociados, as funcións de tutela, control, coordinación e supervisión que lle recoñecen os presentes Estatutos, as disposicións da RFEA, da IAAF e as normas legais de carácter deportivo.
- A FGA é a única competente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para regulamentar, organizar, xestionar e controlar as competicións oficiais de atletismo.
- A convocatoria das seleccións galegas de atletismo e a designación dos deportistas que as integren.

- Colaborar coas administracións públicas e coa Real Federación Española de Atletismo, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades.
- Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
- De ser o caso, e conforme a normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Elaborar as súas propias lexislacións deportivas.
- Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores, xuíces e árbitros segundo a normativa que sexa aplicable.

Tamén lle corresponde á FGA desenvolver funcións públicas delegadas (artigo 56.4. da Lei 3/2012 Xeneral do Deporte de Galicia) que asume en réxime de exclusividade e que representan *“aquelas funcións de carácter administrativo que se exercen por delegación. Neste caso, as federacións actuarán como axentes colaboradores da Administración baixo a súa tutela e coordinación”*. Son as seguintes:


- Cualificar e organizar no seu caso as actividades e competicións de ámbito autonómico. Para estes efectos, a organización de tales competicións enténdese referida á regulación do marco xeral das mesmas, segundo establézase na normativa federativa correspondente.
- Promoción xeral do atletismo en todo o territorio da Comunidade Autónoma.
- Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, conforme á normativa que lle sexa aplicable.
- Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas de atletismo.
- Expedir licenzas deportivas para a práctica do atletismo nos termos establecidos nesta lei 3/2012 do deporte de Galicia.
- Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados déanlles unha correcta aplicación.
- Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e deberes derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos pola Lei 3/2012 do deporte de Galicia e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e lexislacións.

- Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, as federacións deportivas galegas instruirán e resolverán os expedientes sancionadores que no ámbito do dopaxe se substancien, conforme ao establecido no título VIII desta lei.
- Calquera outra que regulamentariamente determínese.
- Calquera outra que lle sexan atribuída pola lexislación vixente.

Todas estas funcións, propias e delegadas, desenvólvense en colaboración con diferentes axentes do Sistema Deportivo Español, tanto do sector público como privado, en especial dentro do ámbito autonómico. Destacan as relacións da FGA, separadamente dos seus propios estamentos, coa Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais, Concellos, Universidades, empresas e diversas asociacións.

A FGA atópase asociada á UFEDEGA (Unión de Federacións Deportivas Galegas). Tamén se atopa integrada na Real Federación Española de Atletismo e forma parte do denominado sector privado do Sistema Deportivo Español.

A FGA NO SISTEMA DEPORTIVO ESPAÑOL



Con frecuencia xorden dúbidas no seo das federacións e das súas estamentos sobre as competencias do “deporte de alto nivel”. No caso das federacións españolas, o Consello Superior de Deportes a través da Lei Xeral do Deporte (1990) deriva dita responsabilidade a éstas.

Con todo, isto non ocorre no deporte autonómico, polo menos na comunidade galega, xa que a competencia correspóndelle á Xunta de Galicia. Así se indica na lei 3/2012 Xeneral do Deporte de Galicia no seu artigo 5, m: ao sinalar que compete á Xunta de Galicia “regular e fomentar o deporte e os deportistas de alto nivel de Galicia”

Por iso, a Xunta de Galicia a través do programa DGAN (Deportistas Galegos de Alto Nivel) e a Fundación Deporte Galego outorga becas a aqueles deportistas galegos que posúan a maior cualificación.



5. A MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

A misión da FGA

Desde unha perspectiva xenérica, a misión principal da Federación Galega de Atletismo é a de:

Expandir e desenvolver a práctica atlética na Comunidade Autónoma de Galicia, impulsando a estruturación e ordenación do atletismo galego, coa finalidade de que a poboación teña acceso a unha práctica atlética oficial de calidade, independentemente da súa idade, obxectivos ou lugar de residencia, coa posibilidade de ser atendido por un técnico oficial e especialista, de integrarse nun club de atletismo próximo á súa contorna xeográfica e acceder a unha instalación atlética digna e co material necesario, na que poidan celebrarse competicións oficiais coa presenza de integrantes do Comité Galego de Xuíces.

A ATENCIÓN PRIMARIA NO ATLETISMO GALEGO



A visión da FGA

A Federación Galega de Atletismo desenvolve diariamente un traballo para mellorar e desenvolver as súas funcións propias e públicas delegadas coa máxima calidade, converténdose nunha entidade referente dentro do Sistema Deportivo de Galicia, cunha estrutura que posibilite ofrecer os seus servizos tanto aos estamentos atléticos, ofrecéndolles colaboración e integración, como a outras entidades, en especial concellos e deputacións.

Os valores da FGA

- Responsabilidade no desenvolvemento das súas competencias e a defensa dos acordos adoptados nos órganos de goberno.
- Calidade: A FGA defende o principio da procura da excelencia como elemento de traballo, establecendo para a súa consecución os recursos e medios necesarios. Representa unha entidade innovadora que promove novos servizos, proxectos e actividades.
- Ética: A FGA defende os principios da ética, a transparencia, o respecto e a deportividade en calquera das actividades que desenvolve.
- Sentimento de grupo: A Federación Galega de Atletismo está integrada por todos os estamentos que están asociados a ela: atletas, clubs, adestradores e xuíces. Todos forma parte da FGA.
- Participación: Preténdese buscar o maior consenso posible en tómalas de decisións, buscando a implicación do maior número de persoas do atletismo galego.
- Diálogo e amizade como base de convivencia da gran familia que forma o atletismo galego.
- Formación: A FGA defende como elemento cruce e fundamental do proceso de calidade a formación de todos os axentes implicados no atletismo galego
- Igualdade de oportunidades: A FGA asegura a presenza de igualdade de oportunidades na súa actividade para todos as persoas e colectivos.

6. XUSTIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DA FGA 2018-2022


A planificación estratéxica precisa dunha profunda reflexión achega do ser e obxecto, neste caso, da Federación Galega de Atletismo. A análise previa de datos relevantes sobre o seu periferia socio deportiva permitirá deseñar metas realistas e contrastalo co actual funcionamento, xerando a posibilidade, en caso de necesidade, de reorientar as actuacións ou ben as estratexias e proxectos.

Os novos retos do atletismo galego esixen debate por parte de todos os axentes e estamentos que o integran, como proceso necesario e previo a tómaa de decisións que corresponde aos novos órganos de goberno da Federación Galega de Atletismo para o período 2018-2022.

En todos os procesos electorais nos que me presentei como candidato á presidencia da FGA defendín a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico da Federación Galega de Atletismo, en diante PEFEGA. Hoxe podo dicir que como presidente electo cumprín o meu compromiso. Someteuse a debate previo e propúxose para a súa consideración á Asemblea Xeral da FGA.

De forma máis precisa, o PEFEGA, representa un proceso integrado pola análise actual do atletismo galego (diagnóstico); o establecemento dos obxectivos xerais, a curto, medio e longo prazo asociados a unhas liñas estratéxicas; a concreción de proxectos e programas a desenvolver neste período, asignando en consecuencia os recursos e partidas presupostarias necesarias; a precisión duns resultados a conseguir, así como un sistema de seguimento, revisión e actualización permanente.

PLAN ESTRATÉXICO DA FGA 2018-2022



Son moitas as vantaxes que ofrece deseñar o PEAGA. En xeral perséguese o establecemento dunha organización metódica, participativa e racional. Intenta evitarse deste xeito o funcionamento baseado no que se pode denominar anticipación intuitiva, personalista, sen guións establecidos e fundamentada na mera experiencia do pasado.

Entre as vantaxes destacan:

- Posibilitar a participación dos diferentes estamentos do atletismo de Galicia no deseño das liñas de actuación dos próximos catro anos, mediante a canalización das propostas que puidesen formular a este PEFEGA
- Mellorar a formulación estratéxica, adiantándose ao futuro mediante a análise das oportunidades e ameazas externas, así como as debilidades e fortalezas internas do atletismo galego, mediante unha adecuada organización, dirección e liderado.

- Facilitar a toma de decisións documentada e apoiada por unha base teórica sólida, trala aprobación do PEFEGA por parte da Asemblea Xeral.
- Resolver con eficacia os problemas que afectan ao sector do atletismo galego.
- Optimizar a comunicación entre a FGA e os seus diferentes estamentos, así como cos medios informativos.
- Actualizar a forma de xestionar a FGA, partindo do seu profundo coñecemento, mellorando a comunicación e coordinación entre os distintos niveis e programas.
- Optimizar o funcionamento do equipo humano tanto da sé central da FGA como das súas Delegacións.
- Mellorar o aproveitamento das subvencións públicas recibidas, así como dos recursos propios xerados pola FGA no desenvolvemento das súas actividades.
- Explicar publicamente os efectos do PEAGA a través das ferramentas de comunicación da FGA e dos seus órganos de goberno. Cada membro do atletismo galego poderá ter acceso a este documento que estará colgado en www.atletismo.gal, unha vez aprobado

7. ASPECTOS QUE CONDICIONARON O PEFEGA 2018-2022

1. As funcións sociais que corresponden á Federación Galega de Atletismo, definidas pola Lei Xeral do Deporte de Galicia (2012) e polos propios estatutos federativos.
2. Os acordos da Asemblea Xeral e Comisión Delegada da FGA nos últimos anos.
3. As liñas de actuación da política deportiva deseñada pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais e concellos galegos.
4. As cantidades das subvencións públicas que recibe a Federación Galega de Atletismo e as posibilidades de xerar recursos privados, entre eles as procedentes das cotas dos estamentos integrados
5. O diagnóstico detallado das necesidades e problemas que afectan ao atletismo galego.
6. As propostas formuladas por diferentes representantes dos estamentos atléticos.
7. A experiencia persoal do candidato Isidoro Hornillos, acumulada durante máis de 40 anos no deporte en xeral e nos últimos anos na presidencia da FGA

8. OS EIXES ESTRATÉXICOS E TRANSVERSAIS DO PEFEGA 2018-2022

Establécense seis eixes estratéxicos e nove eixes transversais dos que xurdirán, despois da análise da situación e obxectivos, as accións correspondentes. A maioría das medidas incluídas no PEAG 2018-2022 teñen conexións e repercusións importantes con cada un dos apartados mencionados, polo que non representan compartimentos illados.



9. O CALENDARIO DO PLAN ESTRATÉXICO DA FGA 2018-2022

O período para o que está deseñado este PEAG é de catro anos, coincidindo coa actual lexislatura (2018-2022). Con todo, inclúense obxectivos a medio e longo prazo que transvasan ese ciclo federativo.

O calendario que estase a seguir ata a celebración da Asemblea Xeral da FGA, o día 29 de decembro, se indica a continuación:

☞ Luns 5/11/2018	La Coruña e Ferrol: Debate aberto. Análise da xestión. Situación actual. Presentación do PEFEGA. Recollida de propostas.
☞ Martes 6/11/2018	Santiago: Debate aberto. Análise da xestión. Situación actual. Presentación do PEFEGA. Recollida de propostas.
☞ Mércores 7/11/2018	Lugo: Debate aberto. Análise da xestión. Situación actual. Presentación do PEFEGA. Recollida de propostas.
☞ Xoves 8/11/2018	Ourense y O Barco: Debate aberto. Análise da xestión. Situación actual. Presentación do PEFEGA. Recollida de propostas.
☞ Venres, 9/11/2018	Pontevedra y Vigo: Debate aberto. Análise da xestión. Situación actual. Presentación do PEFEGA. Recollida de propostas.
☞ Luns, 3/12/2018	Envío a todos os estamentos do atletismo galego do borrador do PEFEGA 2018-2022.
☞ 3 ao 12 de decembro	Período de debate e de propostas por parte de todos os estamentos á presidencia da FGA.
☞ Sábado, 15/12/2018	Análise da Xunta de Goberno da FGA das propostas recibidas e preparación do documento para presentar a Asemblea Xeral.
☞ Sábado, 29/12/2018	Se somete o PEFEGA á Asemblea Xeral da FGA.

10. PROCESO SEGUIDO EN CADA EIXE ESTRATÉXICO E TRANSVERSAL

Cada unha das accións propostas parte dun análise previo do que parten os obxectivos, os eixes estratéxicos ou transversais e as accións correspondentes. Co ánimo de non facer moi extenso o documento a análise da situación faise moi resumida.



11. ANALISIS DAFO

Ver cadro da páxina seguinte.

	Fortalezas	Debilidades
DE ORIXEN INTERNO	<ul style="list-style-type: none"> • Deporte olímpico • Deporte con tradición en Galicia • Gran oferta atlética anual de competicións • Equipo de traballo da FGA cualificado • Cifras récord de licenzas de atletas, clubs, adestradores e xuíces. • Estrutura consolidada da FGA en Galicia • Formación e experiencia dos adestradores, xuíces e directivos • Grupo de atletas recoñecidos legalmente pola Xunta de Galicia como DGAN • Dúas páxinas webs actualizadas diariamente • Programa Citius, Altius, Fortius (*) • Cursos de formación anuais • Congreso anual de xuíces • Gran oferta de probas en pista, ruta e campo a través • Capacidade organizativa en campionatos autonómicos, nacionais e internacionais • Aumento de ingresos propios. • Cada vez menor dependencia de subvencións institucionais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Poboación galega moi dispersa • Participación desequilibrada dos diferentes sectores • Notable abandono en categoría xunior e promesa • Deficiencias en parte das instalacións atléticas públicas • Problemas na utilización de instalacións • Pagos tardíos de organismos públicos á FGA con conseguinte problema de falta de liquidez • Aumento das funcións do persoal federativo como consecuencia do incremento das actividades anuais desenvoltas. • Poucos clubs organizan competicións
	Oportunidades	Ameazas
DE ORIXEN EXTERNO	<ul style="list-style-type: none"> • Inclusión do atletismo nos XOGADE • Construción da pista cuberta de Expourense. • Novos patrocinadores en función da evolución da creses • Auxe o pedestrisimo en toda Galicia • Gran cantidade de circuitos de ruta homologados. • Convenios con entidades públicas e privadas. • Utilización de redes sociais • Boas relacións institucionais • Inclusión de novas probas no calendario • Novas tecnoloxías. • Maior e máis rápida comunicación entre delegacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Efectos da creses económica • Gran diversidade de alternativas de ocio para a xuventude • Ausencia ás xuntanzas dunha parte dos membros da Asemblea Xeral • Falta de voluntariado • Abandono da práctica deportiva (crónico) • Descenso das subvencións públicas: Xunta de Galicia, Deputacións e Concellos. • Licencias federativas autonómicas moi baixas

(*) Sen emitir durante o proceso electoral.

12. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos indicados teñen carácter xeral. Son realistas, posibles, medibles, avaliados, alcanzables, útiles e coherentes. Son os seguintes:

1. Aumentar o tecido atlético de Galicia.
2. Mellorar a situación das infraestruturas galegas.
3. Aumentar o nivel do atletismo galego.
4. Promover a práctica do atletismo de base.
5. Aumentar a oferta de competicións
6. Ampliar a masa do atletismo participativo
7. Mellorar a organización interna da FGA
8. Mellorar a xestión da FGA
9. Optimizar o control dos procesos económicos
10. Revisar e actualizar o marco legislativo da FGA
11. Mellorar a formación dos axentes implicados no atletismo galego.
12. Optimizar a divulgación e difusión do atletismo de Galicia
13. Investigar e divulgar a historia do atletismo de Galicia
14. Xerar iniciativas solidarias no atletismo galego
15. Intensificar as relacións institucionais
16. Xerar un atletismo galego solidario
17. Facilitar a incorporación da muller ao atletismo galego
18. Facilitar a máxima integración dos atletas que teñan discapacidade
19. Propiciar unha práctica atlética segura e saudable.

13. PRINCIPIOS DE GOBERNANZA

Para acadar os obxectivos anteriormente descritos a Federación Galega de Atletismo rexerese polos seguintes principios:

- **Calidade:** Todas as xestións realizadas dende a Federación Galega de Atletismo e por todos os seus estamentos estarán rexidas por este principio de calidade.
- **Compromiso:** O compromiso adquirido por cumprir coas responsabilidades dos diferentes estamentos atléticos, tanto nos servizos como nas esixencias.
- **Rapidez:** A FGA apuntará cara a unha xestión funcional e práctica que permita resolver os problemas o máis axiña posible.
- **Discreción:** Son moitos os datos que manexa a FGA, datos relativos a atletas, rendemento deportivo, económicos, médicos, etc. Cara a todo traballador, afiliado ou colaborador da FGA aplicarase o principio de discreción en todo momento. Ademais, a FGA velará polo cumprimento estrito da lei de protección de datos, mantendo actualizados os ficheros de datos que custodia.

- **Constancia:** Desde a seguridade de que o traballo diario permite conseguir grandes logros e por iso a constancia nas tarefas realizadas no día a día son un alicerce importante do bo goberno dunha federación.
- **Esforzo e cooperación:** A unión dos distintos membros da federación e a boa comunicación e esforzo de todos eles fai que semanalmente cúmplanse os obxectivos marcados. O traballo en equipo sempre outorga unha maior visión do que se fai e axuda a reflexionar sobre os aspectos que se poden mellorar. A través de reunións periódicas semanais preténdese mellorar a xestión da FGA.
- **Dignificación:** Transferido cara ás persoas que traballan, colaboran ou que se afiliaron voluntariamente á FGA, así como á organización das diferentes competicións e que merecen a maior dignificación.

14. NOTA PREVIA:

O desenvolvemento e execución das accións propostas neste Plan Estratégico estará supeditado a aprobación das mesmas, nos casos de que a lexislación así o precise, por parte dos órganos de goberno da Federación Galega de Atletismo. Asemade, naquelas accións que implican facer gastos, a execución das accións estarán condicionadas polo compromiso previo de acadar os recursos propios indicados na acción respectiva.

15. RESUMO DAS ACCIÓNS

- **Acción nº 1:** Confeccionar e presentar o Plan Estratégico da FGA 2018-2022.

DESENVOLVER ASPECTOS LEXISLATIVOS E NORMATIVOS

- **Acción nº 2:** Reformar os Estatutos da Federación Galega de Atletismo
- **Acción nº 3:** Reformar o Regulamento de Réxime Disciplinario da FGA.
- **Acción nº 4:** Actualizar o Regulamento de Distincións da FGA
- **Acción nº 5:** Acatar o Código de Bo Goberno por parte de todos os membros da Xunta de Goberno da FGA: Xunta Directiva e Comisión Delegada
- **Acción nº 6:** Creación da licenza de Trail Running
- **Acción nº 7:** Creación da licenza de organizador
- **Acción nº 8:** Actualizar criterios para a pertenza ás Seleccións Galegas
- **Acción nº 9:** Actualizar a normativa para a homologación dos récords galegos
- **Acción nº 10:** Actualizar os criterios que regulan o dereito de ser medallista nos campionatos de Galicia.
- **Acción nº 11:** Actualizar a normativa do Comité Galego de Xuíces.
- **Acción nº 12:** Actualizar a normativa para a constitución de novas delegacións da FGA
- **Acción nº 13:** Actualizar o reparto xeográfico das delegacións da FGA
- **Acción nº 14:** Actualizar a normativa da Escola Galega de Adestradores.
- **Acción nº 15:** Creación dun Plan dos Medios de Comunicación para a promoción do atletismo galego
- **Acción nº 16:** Elaborar os protocolos de organización de eventos atléticos galegos.
- **Acción nº 17:** Elaborar a normativa de utilización da indumentaria da Selección Galega.
- **Acción nº 18:** Elaborar a normativa que regule os desprazamentos da Selección Galega.

OPTIMIZAR A ORGANIZACIÓN INTERNA DA FGA

- **Acción nº 19:** Crear o Observatorio do Atletismo Galego (OAGA).
- **Acción nº 20:** Asinar funcións e responsabilidades a cada membro da Xunta Directiva da FGA, en relación ás liñas estratéxicas.
- **Acción nº 21:** Impulsar o programa “*Ti decides*” dirixido aos membros da Asemblea Xeral da FGA
- **Acción nº 22:** Reestruturar funcións e reforzar o equipo de traballo da sede central da FGA.
- **Acción nº 23:** Reestruturar o Comité Técnico da FGA.
- **Acción nº 24:** Reestruturar a Comisión Escolar da FGA.
- **Acción nº 25:** Actualizar o documento “*Atletismo municipal*” de cada unha das delegacións da FGA.
-

- **Acción nº 26:** Realizar enquisas de satisfacción nunha mostra dos campionatos de Galicia.
- **Acción nº 27:** Mellorar as ferramentas informáticas.
- **Acción nº 28:** Expedir cunha tarxeta federativa aos colectivos que non posúan a mesma por parte de RFEA.
- **Acción nº 29:** Manter actualizado permanentemente o inventario do material da FGA en cada unha das delegacións.
- **Acción nº 30:** Implantar unha ferramenta informática para a petición á FGA de certificados por parte dos estamentos do atletismo galego
- **Acción nº 31:** Reducir a un só canal informático a recepción de solicitudes para a inclusión de probas no calendario
- **Acción nº 32:** Optimizar a comunicación activa cos organizadores.

REFORZAR O TECIDO ATLÉTICO DE GALICIA

- **Acción nº 33:** Impulsar a campaña “Fedérate” dirixida a captar a máis atletas federados.
- **Acción nº 34:** Propiciar a inclusión de novas probas no calendario da FGA e aumentar o número de licenzas de día.
- **Acción nº 35:** Impulsar a campaña “*Todos e todas co seu título*” dirixido a aquelas persoas que desempeñan labores de adestradores/as no atletismo galego.
- **Acción nº 36:** Impulsar o programa “*federa a túa asociación deportiva*” enfocada a estimular á creación de novas entidades atléticas galegas.
- **Acción nº 37:** Campaña de afiliación de xuíces xa formados e que non actuaron nos últimos anos
- **Acción nº 38:** Creación da licenza familiar (3 membros)
- **Acción nº 39:** Creación do Plan de Implantación e Desenvolvemento do atletismo galego a través dos concellos

CONCIENCIAR DAS NECESIDADES DE INFRAESTRUTURAS ATLÉTICAS

- **Acción nº 40:** Constituír a Comisión de Estudo sobre as necesidades atléticas en Galicia
- **Acción nº 41:** Confeccionar un documento establecendo actuacións prioritarias en materia de infraestruturas atléticas durante o 2018-2022, sometendo o mesmo á Asemblea Xeral da FGA
- **Acción nº 42:** Remitir conclusións do estudo aos organismos con competencias en materia deportiva: Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais; Concellos implicados...
- **Acción nº 43:** Fomentar a creación de circuitos homologados en Galicia.
- **Acción nº 44:** Confeccionar unha ficha sobre a situación de cada unha das instalacións atléticas de Galicia.

AUMENTAR O NIVEL DO ATLETISMO DE RENDEMENTO

- **Acción nº 45:** Incluir os Campionatos de Galicia Absolutos de Pista Cuberta e Aire Libre no calendario nacional da Real Federación Española de Atletismo
- **Acción nº 46:** Reforzar os sectores atléticos galegos máis débiles.
- **Acción nº 47:** Crear becas de residencias a atletas entorno aos núcleos atléticos en Galicia.
- **Acción nº 48:** Desenvolver un protocolo para impulsar campañas desde os clubs sobre captación de talentos para o atletismo
- *Ver outras accións en Desenvolver aspectos lexislativos e normativos*
- *Ver outras accións en Optimizar a organización interna da FGA*
- *Ver outras accións en Reforzar o tecido atléticos de Galicia*
- *Ver outras accións en Concienciar das necesidades de infraestruturas atléticas*
- *Ver outras accións en Promover a práctica do atletismo de base*
- *Ver outras accións en Mellorar o atletismo participativo*
- *Ver outras accións en Mellorar a oferta de competicións*
- *Ver outras accións en Mellorar a formación continua*
- *Ver outras accións en Mellorar a comunicación e imaxe da FGA*
- *Ver outras accións en Mellorar a formación continua*
- *Ver outras accións en Optimizar o control económico e acadar novos patrocinadores*
- *Ver outras accións en Ampliar e mellorar as relacións institucionais*
- *Ver outras accións en Propiciar un atletismo integrador, inclusivo e solidario*
- *Ver outras accións en Investigar e difundir a historia do atletismo galego*
- *Ver outras accións en Optimizar a práctica segura e saudable*

PROMOVER A PRÁCTICA DO ATLETISMO DE BASE

- **Acción nº 49:** Ampliar as competicións dirixidas ás categorías inferiores do atletismo galego
- **Acción nº 50:** Realizar a Gala do Deporte de Base
- **Acción nº 51:** Ampliar e reforzar a Liga Escolar Abanca
- **Acción nº 52:** Confeccionar Ránking de Galicia de categorías inferiores
- **Acción nº 53:** Impulsar o programa “*Atletismo na rúa*”

MELLORAR A OFERTA DE COMPETICIÓN

- **Acción nº 54:** Implantar o Campionato de Galicia de Campo a Través por Relevos Mixtos.
- **Acción nº 55:** Organizar o Campionato de España Máster de Pista Cuberta no ano 2019.
- **Acción nº 56:** Organizar o Campionato de España Absoluto de Pista Cuberta no ano 2020.
- **Acción nº 57:** Crear o Circuito Galego de Pista: 2019; 2020, 2021 e 2022
- **Acción nº 58:** Crear o Circuito Galego de Campo a Través: 2020, 2021 e 2022
- **Acción nº 59:** Programa “*Organiza o trofeo do teu club*”

MELLORAR O ATLETISMO PARTICIPATIVO

- **Acción nº 60:** Mellorar a oferta de servizos ofrecidos pola FGA aos organizadores de carreiras de ruta.
- **Acción nº 61:** Confeccionar o *Manual de Recomendacións* dirixido ao atleta
- **Acción nº 62:** Confeccionar o *Manual de Recomendacións* dirixido ao organizador

AMPLIAR E MELLORAR A FORMACIÓN CONTINUA

- **Acción nº 63:** Organizar Congreso Galego de Atletismo (CONGATLE)
- **Acción nº 64:** Organizar nesta lexislatura 4 cursos de Técnicos de Base
- **Acción nº 65:** Organizar nesta 2 cursos de Adestrador de club
- **Acción nº 66:** Organizar nesta 1 curso de Adestrador Nacional
- **Acción nº 67:** Organizar el V Congreso Galego de Xuíces en 2020
- **Acción nº 68:** Organizar el VI Congreso Galego de Xuíces en 2022
- **Acción nº 69:** Crear o Centro Galego de Documentación Atlética: adestradores, xuíces e directivos
- **Acción nº 70:** Impulsar a creación da Fundación Atletismo Galego
- **Acción nº 71:** Formar novos operadores de Vídeo Phinish
- **Acción nº 72:** Formar novos operadores do Sistema de Chips
- **Acción nº 73:** Formar novos operadores de Medición Indirecta

MELLORAR A COMUNICACIÓN E IMAXE DA FGA

- **Acción nº 74:** Creación do Canal Interno de Comunicación.
- **Acción nº 75:** Equipar ao Comité Galego de Xuíces cunha nova equipación neste novo período lexislativo.
- **Acción nº 76:** Compra de marcadores electrónicos.
- **Acción nº 77:** Compra do sistema de saídas coa pistolas electrónica.
- **Acción nº 78:** Compra dun arco de meta
- **Acción nº 79:** Compra dun equipo máis de medición indirecta
- **Acción nº 80:** Compra de tres anemómetros
- **Acción nº 81:** Creación do Buzón de Suxestións.
- **Acción nº 82:** Celebrar todas as Asembleas Xerais en Santiago de Compostela
- **Acción nº 83:** Informe mensual do departamento de estadística da FGA das competicións de todos os atletas de cada club.
- **Acción nº 84:** Xerar Ránking Galego de Ruta.
- **Acción nº 85:** Publicar todos os anos a Memoria de Actividades da FGA a fin de tempada.
- **Acción nº 86:** Creación dun dossier de prensa de cada Campionato de Galicia.
- **Acción nº 87:** Creación do Canal de Entrevistas en formato vídeo.
- **Acción nº 88:** Elaborar diplomas personalizados de cada logro deportivo salientable

- **Acción nº 89:** Elaborar dossier sobre os logros mais importantes tras o remate de 1) Pista Cuberta; 2) Aire Libre; 3) Campo a Través e Trail e 4) Ruta.
- **Acción nº 90:** Elaborar unha reportaxe en formato vídeo sobre os Campionatos de Galicia absolutos.
- **Acción nº 91:** Elaborar unha “promo” en formato de vídeo sobre os Campionatos de Galicia Absolutos.
- **Acción nº 92:** Creación do Foro do Atletismo Galego
- **Acción nº 93:** Creación da APP da Federación Galega de Atletismo.
- **Acción nº 94:** Impulsar o programa “*Coñece a túa federación / Coñece o atletismo galego*”

OPTIMIZAR O CONTROL ECONÓMICO E ACADAR NOVOS PATROCINADORES

- **Acción nº 95:** Acadar novos patrocinadores privados para toda a lexislatura
- **Acción nº 96:** Optimizar o control de ingresos e gastos de cada un dos eventos
- **Acción nº 97:** Control mes a mes do resultado do exercicio económico
- **Acción nº 98:** Estudo do perfil da carteira de clientes
- **Acción nº 99:** Descontos ás entidades por pronto pago
- **Acción nº 100:** Proseguir cos prazos actuais de pagos aos membros do Comité Galego de Xuíces polas súas actuacións.
- **Acción nº 101:** Negociacións coas entidades bancarias para conseguir mellores condicións económicas e reducir custos.
- **Acción nº 102:** Informe tras cada campionato das sancións por non participar sen causa xustificada e inscritos previamente.
- **Acción nº 103:** Informar nun prazo máximo de 5 días laborables sobre a composición do Xurado das competicións co obxecto de axilizar o procedemento da emisión de facturas.
- **Acción nº 104:** Implantar unha tenda online da FGA na paxina www.atletismo.gal.

AMPLIAR E MELLORAR AS RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

- **Acción nº 105:** Revisar o convenio coa Deputación de A Coruña
- **Acción nº 106:** Revisar o convenio coa Deputación de Lugo
- **Acción nº 107:** Revisar o convenio coa Deputación de Ourense
- **Acción nº 108:** Revisar o convenio coa Deputación de Pontevedra
- **Acción nº 109:** Revisar o convenio coa Universidade de A Coruña
- **Acción nº 110:** Revisar o convenio coa Universidade de Santiago
- **Acción nº 111:** Revisar o convenio coa Universidade de Vigo
- **Acción nº 112:** Revisar o convenio cos concellos galegos máis importantes
- **Acción nº 113:** Ampliar as relacións con novos concellos galegos
- **Acción nº 114:** Renovar convenio con la Televisión de Galicia (TVG)
- **Acción nº 115:** Establecer convenio con la Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE).
- **Acción nº 116:** Establecer convenio con a ONCE

PROPICIAR UN ATLETISMO INTEGRADOR, INCLUSIVO E SOLIDARIO

- **Acción nº 117:** Creación dun protocolo no que se establezan os valores da práctica deportiva: xogo limpo; igualdade; contra dopaxe...
- **Acción nº 118:** Estimular a participación dos atletas con discapacidade
- **Acción nº 119:** Impulsar o programa de visitas atléticas recíprocas.
- **Acción nº 120:** Propiciar a representación feminina na Xunta Directiva da FGA.
- **Acción nº 121:** Impulsar a solidariedade no atletismo galego mediante o programa SODAGA (Solidariedade do atletismo galego)

INVESTIGAR E DIFUNDIR A HISTORIA DO ATLETISMO GALEGO

- **Acción nº 122:** Crear a Comisión da historia da FGA
- **Acción nº 123:** Publicar o libro do Centenario da fundación da FGA en 2021
- **Acción nº 124:** Organizar unha exposición fotográfica itinerante sobre a historia do atletismo galego en 2021.
- **Acción nº 125:** Crear o canal *A historia en imaxes: 1921-2021*

OPTIMIZAR A PRÁCTICA SEGURA E SAUDABLE

- **Acción nº 126:** Desenvolver unha campaña (vídeo) de recoñecementos médicos
- **Acción nº 127:** Propiciar descontos na licenza a aqueles atletas que presenten recoñecementos médicos nos últimos 12 meses, cun protocolo determinado.

16. ACCIÓNS DOS EIXES ESTRATÉXICOS E TRANSVERSAIS

DESENVOLVEMENTO LEXISLATIVO E NORMATIVO

Acción 1: Confeccionar e presentar o Plan Estratégico da FGA 2018-2022

